



**ILTMO. CONCELLO DE CANGAS**  
(Pontevedra)

Expt.: 2/10-C

En data 16.08.2010 a Alcaldía ditou Resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

*"Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar definitivamente este contrato.*

***Segundo.-** Elevar a definitiva a adxudicación do contrato de obra "CENTRO SOCIOCULTURAL" á empresa SIEC, S.L., co CIF n.º B36534592, e domicilio na rúa Ponte Bora n.º 24, de Pontevedra (CP 36154), polo importe de 932.408,62 € máis o IVE (18%) por importe de 167.833,55 €, que fan un importe total de 1.100.242,17 €, e coas seguintes condicións:*

- N.º de traballadores desempregados a contratar: 5*
- N.º de traballadores desempregados de longa duración a contratar: 4*
- Prazo de execución: 10 meses*
- Incrementa o prazo de garantía en 120 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no proxecto, co que o prazo total de garantía é de 132 meses.*
- Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do 2% pasando do 1% fixado no proxecto, ao 3%.*
- Cobertura responsabilidade civil por importe de 1.500.000 €.*
- Melloras: as descritas na súa oferta cuxo orzamento de execución material ascende á cantidade de 147.222,41 €.*

*Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto aprobado por Resolución desta Alcaldía de data 31.05.2010 e a oferta achegada pola empresa*

***Terceiro.-** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 313.622.21 do vixente orzamento municipal.*

***Cuarto.-** Notificar a elevación a definitiva da adxudicación provisional ao contratista e aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.*

***Quinto.-** Emprazar ao adxudicatario para a sinatura do contrato que terá lugar o día 17.08.2010 ás 12:00 horas, na sala de comisións anexo á Alcaldía.*

***Sexto.-** Requirir ao adxudicatario para que no prazo de 15 días naturais contados dende a notificación deste acordo achegue o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para a súa aprobación polo órgano de contratación previo informe do coordinador de seguridade e saúde e posterior comunicación á autoridade laboral.*

PERFIL DO CONTRATANTE

**Sétimo.-** Nomear directora de obra á arquitecta municipal dona María Isabel Medraño Fariña.

**Oitavo.-** Notificar este acordo á directora de obra e os departamentos municipais de contratación e Intervención e proceder á súa publicación no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

**Noveno.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Décimo.-** Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebra aos efectos da súa ratificación."

O que se fai público aos efectos oportunos.